



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Lingua Galega e Comunicación Oral	Código	613G02021		
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es		
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo aplicado de aspectos gramaticais, especialmente fonéticos e pragmáticos, con incidencia na comunicación oral da lingua galega.				
Plan de contingencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Obradoiro, Traballo tutelado, Presentación oral, Lecturas, Proba mixta. *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral, que se substitúe polo envío a cada alumna e alumno dun texto explicativo e/ou powerpoint de cada un dos temas do programa non expostos na aula.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado As titorías de atendimento ao alumnado desenvolveranse mediante o correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación As actividades de Obradoiro realizaranse e avaliaranse a través do correo electrónico. O Traballo tutelado entregarase a través do correo electrónico na data sinalada. A Presentación oral levarase a cabo mediante a gravación dun vídeo que será enviado por correo electrónico; terá unha duración aproximada de 15 minutos. As Lecturas avaliaranse mediante as recensións escritas que o profesor irá pedindo por correo electrónico. A Proba mixta levarase a cabo de maneira asíncrona a través do envío das preguntas ao alumnado por correo electrónico tres días antes da data oficial da proba; as respostas entregaranse telematicamente este mesmo día. *Observacións de avaliación: Ningunha</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.



B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise lingüística textual.	A1		
	A2		
	A4		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.	A3		
	A4		
	A9		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega.	A9		
	A21		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica, avaliando criticamente o estilo dun texto e formulando alternativas e correccións.	A10		
	A15		
Dominar a gramática da lingua galega.	A25		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega.		B1	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
		B3	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
		B4	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
		B5	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
		B6	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
		B7	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	C3
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		B2	C3
			C6
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lingua e comunicación	1.1. A comunicación oral 1.2. Caracterización da linguaxe humana 1.3. A produción da fala: o aparello fonador
2. Fonética e Fonoloxía	2.1. Definición e relacións; o son e o fonema 2.2. As vogais e as consoantes 2.3. A ortografía: letras e dígrafos



3. Descrición do sistema fonético-fonolóxico da lingua galega	3.1. O sistema vocálico 3.2. O sistema consonántico 3.3. Rendibilidade expresiva: a fonoestilística
4. Trazos prosódicos da lingua galega	4.1. A cadea falada. Fonética sintáctica 4.2. A sílaba 4.3. O acento e a entoación 4.4. Dicción e locución
5. Aspectos pragmáticos da comunicación	5.1. A comunicación oral e as súas modalidades 5.2. A comunicación espontánea. A análise da conversación 5.3. A comunicación oral formal

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A4 A25 B4 B5 B7 C6	20	30	50
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A10 A15 A21 B1 B3 B4 B6 B7	15	30	45
Lecturas	A2 A4 A9 A21 B1 B2 B3 B6 B7 C6	1	30	31
Traballos tutelados	A4 A9 A15 A21 A25 B1 B2 B3 B4 B6 C3	1	10	11
Presentación oral	A4 A9 A15 A21 B2 B4 B6 C3 C6	1	6	7
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A15 A21 A25 B7	1	4	5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de textos orais de carácter dialectal, o comentario fonético de textos de tipoloxía variada, as prácticas de transcripción fonética e fonolóxica, a resolución de problemas, as discusións dirixidas, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor. Delas derivaranse resumos e recensións orais por parte do alumnado nas aulas e ocasionalmente tamén por escrito.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo tutelado relacionado coa oralidade, en que se pretende fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo. O título concreto e o seu desenvolvemento deberán ser acordados co profesor. Deste traballo derivará unha presentación oral.
Presentación oral	Cada alumno ou alumna realizará unha presentación oral do "Traballo tutelado" e outras exposicións orais relacionadas co "Obradoiro".
Proba mixta	Trátase dunha proba escrita que recollerá actividades en que se avalien os contidos do curso (actividades de carácter ensaístico, transcripción fonético-fonolóxica, comentario fonético de textos etc.).



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A10 A15 A21 B1 B3 B4 B6 B7	Avaliarase a realización correcta das actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, transcripción fonético-fonolóxica etc.).	10
Traballos tutelados	A4 A9 A15 A21 A25 B1 B2 B3 B4 B6 C3	Valorarase fundamentalmente a aprendizaxe autónoma, o grao de consecución das destrezas propias da materia, a clareza expositiva e a calidade expresiva. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).	20
Presentación oral	A4 A9 A15 A21 B2 B4 B6 C3 C6	Serán valorados a calidade lingüística, os recursos e as estratexias expositivas empregadas, a coherencia e a cohesión do discurso, a clareza da exposición etc.	20
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A15 A21 A25 B7	Valoraranse os contidos, a clareza e o rigor expositivo, ben como a calidade lingüística das respostas.	40
Lecturas	A2 A4 A9 A21 B1 B2 B3 B6 B7 C6	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor; será avaliada a través dos correspondentes resumos e recensións na aula e tamén mediante unha pregunta na proba mixta. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva e a calidade lingüística.	10

Observacións avaliación

1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.
2. O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Igualmente,

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Barroso, H. (1999). Forma e Substância da Expressão em Língua Portuguesa. Coimbra. Almedina - Catford, J. C. (1994). A Practical Introduction to Phonetics. Oxford. Clarendon - Fernández Rei, F. (1991). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo. Xerais - Fernández Rei, Elisa & Regueira, Xosé Luís (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Ferreiro, M. (1999). Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe. Santiago: Lairovento - Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía. Vigo. A Nosa Terra - Hernández Guerrero, José Antonio & García Tejera, María del Carmen (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona: Ariel - López Viñas, Xoán / Lourenço Mória, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións - Martínez Celdrán, E. (2002). Introducción á fonética. O son na comunicación humana. Vigo: Galaxia - Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1999). Os sons da lingua. Vigo. Xerais - Regueira Fernández, X. L. (2012). Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI. A Coruña: Real Academia Galega - Regueira Fernández, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda 2 (http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html) - Studer, Jürg (2000). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac Lecturas obligatoriasÁlvarez Blanco, R. (1988)Bagno, M. (2001), pp. 95-126Barroso, H. (1999): pp. 43-63Fernández Rei, F. (2001): pp. 39-53 e 189-214Freixeiro Mato, X. R. (2006): pp. 142-159Regueira, X. L. (2013): "Estándar oral..."Studer, J. (2000): pp. 125-139
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez Blanco, R. (1988). Consideracións sobre a metafonía nominal galega, en Homengem a Joseph Piel per ocasião do seu 85º aniversario. Tübingen. Instituto da Cultura e Língua Portuguesa e Consello da Cultura Galega - Bagno, M. (2001). A língua de Eulália. Novela sociolingüística. São Paulo. Contexto - Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (2004). A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego. Santiago: Consello da Cultura Galega - Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola - Morales, C. J. (2001). Guía para hablar en público. Madrid: Alianza - Regueira Fernández, X. L. (1994). Modelos fonéticos e autenticidade lingüística. Cadernos de Língua 10. 37-60 - Regueira Fernández, X. L. (1999). Estándar oral e variación social da lingua galega, en Cincuidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela - Regueira Fernández, X. L. (2011). Dicionario de pronuncia da lingua galega. Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega - Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións - Veiga Arias, A. (1976). Fonología gallega. Valencia. Bello Obras para facer a recensión (unha por persoa): Bagno, M. (2001) Kerbrat-Orecchioni, C. (2006) Morales, C. J. (2001) Regueira, X. L. (2012) Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014) Studer, J. (2000)

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Língua Galega 1/613G02002

Língua Galega 2/613G02014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías